



8 DE MARZO

DIA INTERNACIONAL DAS MULLERES

Propostas para traballar na Ed.
Infantil

Na nosa sociedade acostumamos definir aos nenos como: independentes, seguros, naturais, creativos... mentres que as nenas son vistas como: dependentes, inseguras, sensíbeis, detallistas...


Esta transmisión diferenciada, que a escola se ocupa en moitos casos de perpetuar, débese a que o sistema educativo está inmerso nunha cultura que arrasta principios androcéntricos e patriarcais, provocando a existencia de funcións ou roles sexuais distintos para homes e mulleres, o que implica a necesidade de potenciar en cada un deles capacidades, habilidades..., acordes co rol asignado. Non se trata de buscar un ensino homoxeneizador, senón un ensino que potencie a diversidade de pensamentos entre os nosos alumnos e alumnas como medio de lograr un ensino enriquecedor para todas e todos.

Ante a devandita realidade, a escola ten a obriga e a responsabilidade de rematar con esta transmisión de valores tipicamente masculinos, buscando a efectiva IGUALDADE DE MULLERES E HOMES. Por iso é moi importante que as mestras e os mestres de Educación Infantil teñamos especial tino con:

- A linguaxe que empregamos cos nenos e as nenas.
- As actitudes que temos co noso alumnado.
- Os estereotipos que reproducimos.
- Os materiais empregados...

Para tentar conseguir estes obxectivos propomos algunhas orientacións que se poden traballar na aulas de Educación Infantil:

1. Ensinarlles a portada do libro: *O libro dos cochos* de ANTHONY BROWNE.
Falar con elas e eles do que lles suxire este debuxo.
2. Lerlles o libro e comentalo coas alumnas e os alumnos. Facerlles reflexionar sobre a situación dos nenos e o papá, ¿Por que marcha da casa a mamá?, ¿Por que volta?, ¿Portábanse ben os fillos e o papá?...
3. Hai que facer reflexionar ao noso alumnado sobre a situación das súas casas. É importante que se dean conta de que o "normal" é que os papás realicen na casa as mesmas tarefas que as súas mamás. Como a situación real é que os pais non fagan practicamente nada, sería fundamental tentar cambiar



Asemblea de Mulleres do **STEG**

esta idea; a mellor maneira sería reflexionando e falando coas nenas e os nenos das situacións concretas das súas casas; pódenos servir a estratexia de formularlles algunhas preguntas:

- ✓ ¿Quen cociña na túa casa?
 - ✓ ¿Quen limpa a casa?
 - ✓ ¿Quen repasa a roupa?
 - ✓ ¿Quen te leva ao médico?
 - ✓ ¿Quen limpa o coche?
 - ✓ ¿Quen conduce o coche cando ides todos xuntos de viaxe?
 - ✓ ¿Quen che conta os contos?...
4. Sería interesante observar como se comportan as rapazas e rapaces no patio, que tipo de xogos fan unhas e outros, como resollen os seus conflitos.
 5. Favorecer e potenciar a relación familia-escola para lograr que se impliquen neste tipo de aprendizaxes, xa que deste xeito serán aprendizaxes máis significativas, motivadoras e duradeiras.
 6. Outro libro que pode servirnos para traballar o tema de igualdade é:

¿De onde sae esta nena? (THIERRY LENAÏM), da editorial Edelvives.